

*Ditame*  
**6/12**

D I T A M E

sobre o anteproxecto de  
Lei de **estradas** de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 12 DE DECEMBRO



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ANTECEDENTES

1.- En data 20 de xullo de 2012 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite ordinario, o anteproxecto de lei de Estradas de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 3: *Desenvolvemento rexional*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 4 de setembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 3 para o 6 de setembro de 2012, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a proposta de ditame. Ante a disolución do Parlamento de Galicia, a Comisión Permanente acordou, na súa sesión 6/12, de 13 de setembro, suspender o trámite de ditame e reinicialo unha vez quedase constituído o novo Parlamento.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/12, de data 4 de decembro, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á presidenta do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 6/12, de 12 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

### **DITAME**

*sobre o anteproxecto de Lei de estradas de Galicia.*

## ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei, segundo propia declaración, ten por obxecto “regular o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial”. Tal e como reflicte a súa exposición de motivos, pretende actualizar e modernizar a lexislación autonómica en materia de estradas, procurando lograr a máxima eficacia na súa aplicación. Nese senso, busca ser un instrumento útil, que axude á adecuada xestión das redes de estradas autonómicas e locais.

O anteproxecto de lei consta de 76 artigos, agrupados á súa vez en cinco títulos, referidos ás disposicións xerais, planificación e proxección das estradas, á construción e financiamento das actuacións e explotación do dominio público viario, ao réxime de protección dese dominio público e por último, ao réxime xurídico sancionador. Contén ademais tres disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e tres finais.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O CES considera necesario incorporar neste anteproxecto de lei normas que garantan unha maior seguridade nas estradas. Estímase que a lei debería contemplar, entre outros elementos de seguridade, sistemas de protección de usuarios da vía e a introdución de bandas rugosas na separación dos sentidos de circulación e nos bordes da calzada. Estes elementos debería ter reflexo nos artigos 7 [Treitos urbanos], 8 [Clases de estradas] e 23 [Coordinación co planeamento urbanístico].

- Por outro lado, enténdese que, na medida en que a lei se presenta pola necesidade de actualizar a normativa para adaptala aos cambios lexislativos en materia ambiental, urbanística e de contratación, esta non introduce criterios medioambientais claros. A modo de exemplo podería citarse o alumado alimentado con enerxía solar fotovoltaica.

- Ligado cos devanditos elementos de seguridade e medioambientais, así como con aspectos relacionados coa mobilidade, o CES considera que a construción de novas estradas deberían contar xa con carrís para bicicletas.

- Tendo presente a realidade socioeconómica da Comunidade Autónoma, e dados os tres elementos da Estratexia 2020 (crecemento intelixente, sostible e integrador), o Plan director de estradas de Galicia e os plans sectoriais de estradas que desenvolven ao anterior, en cada unha das estradas que se programen, deberían ter en conta os obxectivos da dinamización de novos investimentos empresariais e da fixación da poboación no rural galego.

Neste senso, deberían incluírse na definición dos plans de estradas criterios e indicadores como, entre outros, os do VEB, de creación de emprego, tanto o existente como o potencial, de poboación, ou de creación de empresas e relacións comerciais das zonas que se pretendan unir.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

### **Exposición de motivos**

En relación á Protección do dominio público viario regulado no título IV, capítulo primeiro [Delimitación de zonas], bótase en falta unha xustificación dos cambios incorporados nas distancias das zonas de dominio público; de protección; de servidume; e de afección.

### **Artigo 4.- Clases de estradas**

En opinión do CES é necesaria unha harmonización e homoxeneización da clasificación e nomenclatura coa lei estatal, e isto non só pola esixencia do principio de seguridade xurídica, senón porque pode ser distorsionador para o usuario.

Unha comparación entre o anteproxecto informado e a Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas (estatal), reflicte que a clasificación das estradas séguese apostando polos catro tipos de estradas (autopistas, autovías, vías rápidas e estradas convencionais), aínda que no anteproxecto elimínase a dicotomía entre “corredores” e “vías rápidas”, que aparece na vixente lei galega, para refundilas en “vías para automóbiles”, mentres que a lei estatal só fai referencia ás vías rápidas.

Asemade, os conceptos ou definicións do que se entende por autopista, autovías e vías para automóbiles non coinciden exactamente cos regulados na lei estatal (que non esixe a ningunha delas que estean valadas a ambas marxes e en toda a súa lonxitude), polo que sería desexable, novamente, sobre todo pola súa implicación noutros ámbitos do ordenamento xurídico, que se homoxeneizasen os mesmos conceptos en ambas as lexislacións.

### **Artigo 7.- Treitos urbanos**

Tendo en conta o reflectido na consideración xeral sobre a inclusión no texto do anteproxecto de normas que garantan a seguridade, propónse a incorporación neste artigo dun novo apartado que faga referencia de xeito específico a estas medidas.

**Artigo 8.-** Clases de estradas

Na mesma liña da consideración do artigo anterior, proponse engadir un apartado cuarto que faga referencia ás medidas que garantan a seguridade nas travesías urbanas.

**Artigo 10.-** Catálogos de estradas e inventarios de travesías

Por mor de posibles problemas interpretativos e, por tanto, en pro da seguridade xurídica, considérase necesario a aclaración dos termos “modificación” e “actualización” dos catálogos, dada a súa importancia en orde a determinar qué órgano debe exercer a competencia, sendo así que nun e noutro caso son diferentes. Así, dunha banda, corresponde ao Consello da Xunta aprobar as modificacións e doutra, é a consellería competente en materia de estradas a responsable das actualizacións do catálogo.

**Artigo 12.-** Plan Director de Estradas de Galicia

Enténdese necesaria a harmonización da redacción do último parágrafo do artigo 12, coa prevista para os programas coordinados de actuación no artigo 20.2º da Lei 10/1995, do 23 de decembro, de ordenación do territorio de Galicia. Neste último precepto, de directa aplicación ao Plan Director de Estradas de Galicia, ao tratarse dun programa coordinado de actuación, sinalase, por unha banda, o carácter excepcional da adaptación unha vez definida a obra ou actuación de que se trate e, doutra banda, establécese sempre que a dita modificación non sexa incorporada como consecuencia da adecuación do planeamento ás directrices de ordenación territorial.

E todo iso cando dunha interpretación conxunta de ambas as normas se poida entender que ambos os preceptos están harmonizados. Duplicar aspectos que xa están establecidos na Lei 10/1995 supón aclarar de modo expreso as circunstancias nas que sería esixible adaptar o planeamento a algunha actuación, neste caso a aprobación do Plan Director de Estradas, e contribuiría, ben seguro, a evitar innecesarias inseguridades xurídicas.

Proponse que, ben a través da modificación deste artigo, ben por introdución dalgunha disposición adicional, se concretara expresamente a harmonización do Plan Director de Estradas cos programas coordinados de actuación do territorio de Galicia.

**Artigo 14.-** Contido e tramitación

Propónse a supresión da expresión “*En canto sexa posible*”, no apartado segundo do artigo, dado que non parece adecuado dende un punto de vista normativo. O texto quedaría da seguinte maneira:

***“O procedemento realizarase de xeito simultáneo co de avaliación ambiental de plans e programas, establecido pola lexislación básica sobre a materia.”***

**Artigo 23.-** Coordinación co planeamento urbanístico

Na liña do establecido no primeiro punto das consideracións xerais, propónse engadir no seu apartado 3 unha referencia concreta ao establecemento dos elementos necesarios para garantir a seguridade dos usuarios.

**Artigo 31.-** Recursos xerados pola explotación das estradas

O CES salienta a inoportunidade da introdución ou consolidación *ope legis* de novas cargas, xa que conleva un forte prexuízo á cidadanía e aos sectores empresariais como o do transporte, cun incremento de custos insostible, co que se prexudicaría os produtos fabricados en Galicia fronte os producidos en rexións máis centrais. Non hai que esquecer que Galicia é unha área periférica onde o transporte vai necesitar sempre dun longo percorrido por estrada para chegar aos grandes centros de consumo cos nosos produtos, o que implica á súa vez o encarecemento de calquera materia prima ou produto que teñamos que traer.á actividade do tecido empresarial nun momento no que as dificultades polas que atravesan as nosas empresas falan por si soas.

Aínda que este artigo tan só reflicte a posibilidade de financiamento das estradas “*Mediante a implantación dunha taxa polo uso da rede de estradas*”, e que a súa implantación debe establecerse a través da modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos públicos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o CES quere manifestar a súa oposición a que esta figure como unha realidade no anteproxecto informado, polo que se solicita a súa supresión, máxime se, como se sinala no informe de resposta ao trámite de audiencia, a súa inclusión non prexulga a necesidade de establecela.



**Artigo 32.-** Contribucións especiais

O CES entende que na futura lei debería manterse como criterio para determinar a cota tributaria as bases impositivas nas contribucións territoriais dos terreos beneficiados, de modo que tal elemento teña que ser, necesariamente, tido en conta á hora de fixar o importe destas, o que sería máis acorde cos principios que sinala o artigo 31 da Constitución Española de igualdade e progresividade.

**Artigo 43.-** Usos autorizables na zona de dominio público

No concernente ao apartado b) deste artigo, que se refire aos “*pasos inferiores ou superiores*”, este debería ampliarse incluíndo unha regulación máis completa dos pasos elevados sobre as autoestradas, autovías e vías para automóbiles, tendo en conta que estes deberán estar situados a un mínimo de 6 m de alto para permitir o paso cando sexa necesario de vehículos especiais, sen necesidade de acometer obras.

Aínda cando poida parecer un dato técnico, o certo é que a súa fixación na norma informada elevaría a esixencia da súa observancia ao mesmo nivel que outros elementos de igual consideración, como poden ser as distancias sinaladas para as zonas de servidume ou afectación.

**Artigo 53.-** Publicidade

Entre a publicidade permitida, regulada no apartado 3º deste artigo, considérase que se debería incluír a que indique e sinalice os polígonos industriais e as áreas empresariais e industriais consolidadas.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2012